



MR.110210

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO  
LUGO

Data 27/03/2017 12:29:19

SA/DA 35709 / RX 503481



ADEGA

Ronda das Fontiñas, nº 180, Entrechán  
27002 - LUGO

**Asunto: comunicación por solicitude de información sobre o estado de tramitación de expedientes e resolución por acceso a información, copia de expedientes e solicitude de personación ou recoñecemento como parte nos procedementos dos que derivan.**

#### Feitos

1.- Con data 10/02/2017 foi presentado un escrito por parte desa Asociación no que solicitan información sobre o estado de tramitación dunha denuncia que presentara por unhas plantacións de eucaliptos ilegais (incumprindo a prohibición recollida no artigo 67.4 da Lei 7/2012, de montes de Galicia) na parcela [REDACTED] do polígono [REDACTED] e na parcela [REDACTED] do polígono [REDACTED] do termo municipal de Begonte.

2.- Coa mesma data, e en relación coas citadas denuncias (referidas ás plantacións de eucaliptos levadas a cabo na parcela [REDACTED] do polígono [REDACTED] e na parcela [REDACTED] do polígono [REDACTED] tamén se presentou escrito no que se solicita a personación ou recoñecemento de ADEGA como parte interesada nos procedementos sancionadores que se houberan iniciado, no seu caso; así como copia dixital ou en papel da documentación relativa aos expedientes.

#### Consideracións

1.- Respecto da *solicitude de información sobre o estado de tramitación da denuncia*, e se ben o artigo 62.5 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala que *"a presentación dunha denuncia non confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento"*, tamén cabe ter en conta o **principio de transparencia** que, segundo o artigo 3.1.c) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, debe presidir as actuacións administrativas.

Deste xeito, nos procedementos que se inician por denuncia, a *información sobre o mero estado dos procedementos ao denunciante* debe recoñecerse como un dereito dentro do marco do antedito principio.

Polo exposto, INFÓRMASELLES do seguinte:

--> No relativo á denuncia por unha plantación ilegal na parcela [REDACTED] do polígono [REDACTED]

- Que, como xa lles foi comunicado con data de 02/09/2016, a citada denuncia, -despois da emisión dos correspondentes informes por persoal do Distrito-, tivo como consecuencia o inicio de actuacións sancionadoras.

- Que como consecuencia destas actuacións se tramitou o expediente sancionador con referencia [REDACTED] contra a persoa que aparecía como titular da parcela no Catastro Inmobiliario.

Deste expediente resultou que a dita persoa non era a responsable da plantación realizada ilegalmente.

- Contra a que resultou ser a persoa responsable, atópase actualmente en trámite un procedemento sancionador, - expediente con referencia [REDACTED] -, sen que aínda teña recaído resolución.

--> No relativo á denuncia por unha plantación ilegal na parcela [REDACTED] do polígono [REDACTED]

- Que, como xa lles foi comunicado con data de 02/09/2016, a citada denuncia, -despois da emisión dos correspondentes informes por persoal do Distrito-, tivo como consecuencia o inicio de actuacións sancionadoras.

- Que como consecuencia destas actuacións se tramitou o expediente sancionador con referencia [REDACTED] contra a persoa responsable, tendo rematado o procedemento con resolución con resultado de sanción, que a data de hoxe xa ten carácter firme.

- Que respecto da non retirada da plantación está pendente o inicio da vía executiva.

2.- Por outra banda e no que se refire á *solicitude de información da documentación obrante nos expedientes a través de copia dos mesmos*, así como no relativo á *súa solicitude de personación e recoñecemento como parte interesada nos procedementos dos que derivan*, cabe indicar o seguinte:

a) Dita petición baséase no feito de que a información solicitada ten carácter de información ambiental segundo o artigo 2.3 da Lei 27/2006, que regula os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, o que ampara dita solicitude.



Dito texto legal, no seu artigo 2.3, define o que debe entenderse por *Información Medioambiental*:

*“ Toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma material sobre:*

*a) O estado dos elementos do medio ambiente , como o aire e a atmosfera, o auga, o solo, a terra, as paisaxes e espazos naturais, incluídos os humedais e as zonas mariñas e costeiras, a diversidade biolóxica e os seus compoñentes, incluídos os organismos modificados xenéticamente, e a interacción entre estes elementos;*

*b) Os factores como substancias, enerxía, ruído, radiacións ou residuos, incluídos os residuos radioactivos, emisións, vertidos e outras liberacións no medio ambiente, que afecten o poidan afectar aos elementos do medio ambiente citados na letra a);*

*c) As medidas (incluídas as medidas administrativas) como políticas, normas, planes, programas, acordos en materia de medio ambiente e actividades que afecten ou poidan afectar aos elementos e factores citados nas letras a) e b), así como as actividades ou as medidas destinadas a protexer estes elementos;*

*d) Os informes sobre a execución da lexislación medioambiental;*

*e) O análise da relación custe-beneficio u outros análises e supostos de carácter económico utilizados no marco das medidas e actividades citadas na letra c); e*

*f) O estado de saúde e seguridade das persoas, incluída, no seu caso, a contaminación da cadea alimentaria, condicións de vida humana, emprazamentos culturais e construcións, cando se vexan ou poidan verse afectados polo estado dos elementos do medio ambiente citados na letra a) ou a través deses elementos, por calquera dos extremos citados nas letras b) e c)“.*

b).- No que respecta á aplicación da norma aludida á tramitación da solicitude presentada cabe manifestar o seguinte:

O obxecto da solicitude presentada en representación de ADEGA é información relativa a denuncias por infraccións tipificadas na Lei 7/2012, de montes de Galicia.

O solicitado, -visto o contido da información medioambiental á que se refire a Lei 27/2006 no seu artigo 2.3-, non entra dentro do ámbito de aplicación da norma de acceso á dita información, excedendo claramente o obxecto para o que dito dereito de acceso ven recoñecido.

Neste senso, a Exposición de Motivos de dita Lei xa manifesta no seu segundo parágrafo que **o acceso á información medioambiental supón o dereito a recibir información *ambientalmente relevante* das autoridades públicas.**

As actuacións tipificadas como infracción pola Lei 7/2012, de montes de Galicia, sobre as que se solicita a información en relación a denuncias e actuacións sancionadoras relativas a elas, **non implican necesariamente unha incidencia ambiental.**

**Esa incidencia no medioambiente tampouco pode sosterse por non constituír a totalidade do territorio forestal desta provincia un espazo natural protexido nin ter un réxime legal aplicable ao efecto.**

De feito, a regulación de moitas actuacións ou prohibicións recollidas nesta norma ten como obxecto, en moitos casos, a mera ordenación dos aproveitamentos agrícolas e forestais, a planificación forestal ou a xestión sustentable do monte, con independencia de que aquelas leven consigo unha afección ao medio ambiente.

Por exemplo, os aproveitamentos madeireiros e leñosos realizados en terreos de xestión privada de forma controlada (autorizada polas Administracións de acordo co procedemento regrado) forman parte do ciclo lóxico de conservación do ecosistema, non son unha agresión á natureza, como si o poderían ser actuacións de máis envergadura ou con outro tipo de repercusións no entorno natural, como podería ser o caso dunha presa nun río, a instalación dunha piscifactoría, dun parque eólico, ou outra clase de actuacións.

De feito, á propia norma, ao longo do seu articulado, e nos casos nos que a actuación que regula puidera ter incidencia ambiental relevante, **suxeita aquela a que conte así mesmo con autorización ou informe favorable da consellería competente en materia de medio ambiente** (isto ocorre no art. 62.2, en relación aos cambios de actividade, no art.76.2 para aproveitamentos forestais en espazos da Rede Natura, no art. 88.2 en relación coa celebración de actos deportivos ou con afluencia de pública en montes incluídos na Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia, etc...) ou no feito de que supedita a viabilidade da actuación a que fora obxecto dunha avaliación ambiental favorable (art. 59.3.b) no relativo a cambios de uso forestal, art. 67.6 autorizacións de repoboacións forestais que deban suxeitarse a ela...)

É máis, na propia regulación do réxime sancionador, no seu artigo 127, á hora de enumerar ás infraccións administrativas en materia de montes, no seu punto 1, dispón que o serán, “sen prexuízo da aplicabilidade, se é o caso, do establecido noutras normas sectoriais, como son, entre outras, .....a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza”.

Disto último dedúcese que o ben xurídico a protexer por parte das dúas normas é distinto, sendo esta última Lei a destinada (entre outras) a protexer o medio ambiente, xa que de non ser así, o *principio de non bis in idem* impediría unha dobre sanción aplicando ambas normativas a uns mesmos feitos (que é ao que faculta a expresión “sen prexuízo”).



É máis, sen prexuízo destas remisións ou previsións puntuais sobre a necesidade dun pronunciamento expreso por parte do órgano competente en materia do medio ambiente, a incidencia de calquera actuación regulada pola normativa en materia de montes está suxeita ao disposto na lexislación de carácter sectorial nesta materia, o prevea ou non a Lei 7/2012, de montes de Galicia. Deste xeito, estarase ao disposto na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, na Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e máis amplamente ao disposto na Lei 21/2013, de avaliación de impacto ambiental, que suxeita a avaliación do órgano ambiental as actuacións que poidan ter incidencia no medio ambiente (incluídas as reguladas en materia de montes). Normas todas elas nas que esta Consellería non ten competencia algunha na súa aplicación.

c).- Sen prexuízo do anterior, no relativo ás solicitudes que conteñan “información particular” entendida esta como <<aquela que versa sobre o estado ou contido de procedementos en tramitación ou xa finalizados, así como sobre a identificación das autoridades e persoal ao servizo do sector público autonómico responsables da súa tramitación>>, definida como tal no artigo 12 da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa Administración, este mesmo artigo prevé o seguinte:

*“2. Esta información só poderá ser facilitada ás persoas que teñan a condición de interesadas en cada procedemento, ou a quen exerza a súa representación legal, de acordo co disposto nos artigos 31 e 32 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, nos termos establecidos no artigo 37 da devandita lei, na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no artigo 14 da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

*3. A información particular será proporcionada polos órganos, servizos e unidades de xestión dos ámbitos competenciais específicos”.*

No relativo a esixencia prevista no dito artigo de que a persoa solicitante teña a condición de *interesada*, algo tamén imprescindible á hora de permitir a aquel ser “parte” no procedemento sancionador que se estea a tramitar, cabe transcribir o explicado nun informe emitido con data de 18/10/2016 polo letrado asesor da Secretaría Xeral Técnica desta Consellería sobre a posición xurídica do denunciante no procedemento sancionador, que di así:

*<<A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala que a presentación dunha denuncia non confire, por si soa, a condición de interesado no procedemento.*

*A denuncia é o acto polo cal calquera persoa, en cumprimento ou non dunha obriga legal, pon en coñecemento do órgano competente a existencia dun determinado feito que, ao seu xuízo, deberá dar lugar á iniciación do procedemento. Ten que ser nominativa, non sendo admisibles as de carácter anónimo. Porén a denuncia non obriga necesariamente ao órgano competente a iniciar o procedemento.*

*A natureza xurídica da denuncia parte de lembrar dúas notas esenciais que a definen. En primeiro lugar, é un acto do particular. A doutrina subliña que é un dos supostos de colaboración dos administrados á función administrativa. Por outra banda, é un acto que se limita a poñer en coñecemento do órgano administrativo feitos que obrigan á administración a actuar. De aquí que a denuncia cumpra unha función de constatación de feitos, de instrumento para que cheguen ao coñecemento da administración certos feitos.*

*En calquera caso, sexa un deber ou como finalidade, existe unanimidade doutrinal e xurisprudencial sobre a non lexitimación, en xeral e polo mero feito de ser denunciante....*

*É abundante a xurisprudencia do Tribunal Supremo que afirma que, con carácter xeral e salvo excepción, non existe lexitimación para esixir a posta en marcha da potestade sancionadora. Podemos citar así a Sentenza do 20 de decembro de 2003, onde se afirma que: “la legitimación activa en estos casos exige la alegación y acreditación de un interés real, equivalente a una ventaja jurídica o la eliminación de un beneficio que resultara de la imposición de la sanción”. As sentenzas do 13 de outubro de 2004 e a do 25 de marzo de 2003, que reiteran esta mesma doutrina e engaden: “que la amplitud de la legitimación que resulta con carácter general de la jurisprudencia constitucional no llega al extremo de diluir la misma hasta el punto de hacer irreconocible un interés real”. Finalmente, as sentenzas do 28 de febreiro de 2003 e 24 de febreiro de 2003, sinalan: “que la situación jurídica del denunciante no experimenta a ventaja alguna con la imposición de la sanción; por lo que no existe legitimación para recurrir el acuerdo de archivo de un expediente sancionador”....>>.*

Visto o contido deste informe, e en base ao xa exposto no apartado b) deste punto, conclúese que o interese xenérico polo medio ambiente desa Asociación non pode outorgar nestes casos unha lexitimación ou dereito a intervir nos procedementos citados e polo tanto tampouco dereito a acceder a eles, sen prexuízo da información pormenorizada que se lles traslada neste escrito sobre o estado da súa tramitación.



Por todo o exposto, en base ao disposto no artigo 12.3 da Lei 1/2015, de 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa Administración, así como o previsto no art.8.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector Público,

ACORDO:

- A inadmisión da solicitude de acceso e copia dos expedientes sancionadores citados.
- Non recoñecer a ADEGA como "parte interesada" dos procedementos aos que se refiren os ditos expedientes.

Contra esta resolución, que non finaliza a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira de Medio Rural, no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, 23 de marzo de 2017

A xefa territorial

M.ª Olga Iglesias Fontal.

